

Trata con fins de explotación sexual

Dinámica 1. Historias reais

Obxectivos didácticos específicos

- Comprender a realidade da trata de persoas con fins de explotación sexual.
- Identificar os factores de vulnerabilidade que están detrás destas realidades.
- Analizar os factores que sociais e culturais que están detrás da elevada permisividade ao consumo de mulleres en explotación sexual.

Espazo e recursos

- Materiais a analizar (cómic, novas, relatos ou vídeos)

Materiais asociados

Federación de Mujeres Progresistas (Eds.) (2008). *Guía de sensibilización para jóvenes contra la trata de mujeres con fines de explotación Sexual*. Accesible en:

http://www.aulaviolenciadegeneroenlocal.es/consejoscolares/archivos/Guia_de_sensibilizacion_para_jovenes_contra_la_trata.pdf

Palmer, Alicia (s/f). *Esclavas*. Edicións de Ponet. Accesible en:

https://www.boscors.es/images/descargas_libres/ESCLAVAS_Alicia_Palmer_Bosco_Rey-Stolle_cc.pdf

Bustamante, Alicia (2014). *Herramientas metodológicas para la prevención de la trata con fines de explotación sexual*. CEPAIM. Accesible en: <http://cepaim.org/wp-content/uploads/2015/10/HERRAMIENTAS-PEDAG%C3%93GICAS-Definitiva.pdf>

Metodoloxía

1

Dividimos ao alumnado en pequenos grupos de traballo e repárteselles o material a analizar: na obra de Alicia Palmer "Esclavas", os relatos que se refiren á experiencia das mulleres vítimas. Son historias narradas en formato cómic, atractivas para o alumnado.

O grupo debe, a partir do material, dar resposta ás seguintes preguntas:

- 1 Antes: Que condicións de vulnerabilidade favorecen que a protagonista sexa captada polos explotadores? Que medios de captación empregan?
- 2 Durante: Como é a situación na que vive? Que formas de retención e coacción empregan os explotadores? Que dereitos son vulnerados?
- 3 Despois, no lugar de explotación: Que necesitarían para poder saír desta situación? Que se podería facer? Que necesidades ten agora a protagonista?

2

Agora repartimos a cada grupo as historias que corresponden ao puteiro. Pedímoslles que valoren:

- Que escusa ou argumento emprega o puteiro para acudir a prostitución?
- Que perfil ten?
- Como é valorado o feito de acudir a prostitución polo seu entorno próximo?
- Que papel teñen os puteiros para acabar coa explotación desas mulleres?

3

En plenaria, cada grupo debe expoñer a historia que lles tocou e aquilo que foron observando. Como reflexión final despois de expoñer todos os grupos pregúntase:

- Que teñen en común os casos? En que aspectos se diferencian?
- Como se podería acabar con estas situacións e o comercio sexual de persoas?

Íranse escribindo as conclusións e completando con información teórica aquilo que sexa necesario, identificando como operan as mafias, e que estruturas e institucións hai detrás para que se poida levar a cabo con impunidade (patriarcado, machismo, neoliberalismo...).

Alternativa 1.1. Traballo con outros materiais

Esta mesma dinámica pódese realizar traballando con outros materiais. Debe ser un material (novas de prensa, vídeos, relatos, etc.) que recolla a experiencia de mulleres vítimas de trata.

Como propostas¹:

- Traballo da Federación de Mujeres Progresistas (2008).
- Os casos recollidos na guía elaborada por Alicia Bustamante (2014), que abordan historias baseadas en casos reais de menores vítimas de trata con fins de explotación sexual Ver Ficha historias de vida sobre Explotación Sexual Comercial Infantil (ESCI).
- As novas recollidas na páxina web: <http://trata.periodismohumano.com/>.
- Curtas:
 - o *"Entre colegas"* de Mabel Lozano. Interesante recurso xa que trata de mozos e mozas falando sobre a trata sexual/explotación sexual e o papel dos puteiros, a presión social, os medios de comunicación e a realidade que hai detrás. Todo isto contraposto á historia que narra unha muller vítima de trata sexual.
 - o *"Escúchame"* de Mabel Lozano. Recolle a experiencia dunha muller vítima de trata sexual e o papel que teñen os puteiros no mantemento da explotación sexual das mulleres.
 - o *"Miente"* de Isabel de Ocampo. Recrea o proceso de captación e explotación sexual dunha muller. Gañadora como mellor curtametraxe Goya 2009.
 - o Testemuña dunha muller vítima de trata sexual en Santiago de Compostela recollida pola ONG Faraxa.
- Películas

¹ Referenciadas en "materiais asociados", moitas delas con acceso libre.

- "*Evelyn*" de Isabel de Ocampo. Película que recolle o proceso de trata sexual vivida por unha muller e a realidade no club onde vai ser explotada.
- "*Voces (contra la trata)*" Mabel Lozano. Documental sobre la trata
- "*El proxeneta*" de Mabel Lozano
- "*Lilya forever*" de Lukas Moodysson. Narra a historia dunha moza rusa vítima de trata en Suecia.
- "*Las elegidas*" de David Pablos

Dinámica 2. Investigando na nosa cidade

Obxectivos didácticos específicos

- Investigar sobre os casos de trata/explotación sexual na nosa contorna.
- Identificar a explotación sexual como unha violencia machista que sucede na nosa cidade.
- Coñecer que pasou cos casos de explotación sexual recollido nos xornais e outros medios de comunicación.

Espazo e recursos

- Acceso a internet
- Documentación sobre os casos de explotación sexual en Galicia

Metodoloxía

1

Unha semana antes de realizar a actividade, facemos 3 grupos entre o alumnado e lles dicimos que, para a seguinte sesión, teñen que facer de detectives e investigar en internet e na prensa novas sobre casos de explotación sexual próximos.

Dáselles as seguintes consignas

Grupo 1: Investigar sobre a Operación Carioca en Lugo, a rede proxeneta e mafiosa de trata con fins de explotación sexual máis grande destapada no Estado español.

Grupo 2: Investigar sobre a asociación “Hijas de Galicia” e a súa vinculación coa trata sexual de mulleres galegas na migración a Cuba no século pasado.

Grupo 3: Investigar un caso de trata sexual que fora destapada durante o último ano en Galicia (pode ser a rede de Compostela, que operaba en pisos).

Todos os grupos deben recoller o que indican as novas en relación á situación das mulleres vítimas, os proxenetas, outros implicados, o papel do Estado e o papel dos puteiros.

2

Na seguinte sesión, cada grupo disporá dun tempo para analizar o material e preparar unha narración en formato radiofónico. É dicir, terán que preparar a exposición do material a modo de nova de radio, podendo dar paso dende o estudio a diferentes axentes implicados aos que entrevistar.

A presentación deberá durar entre 2 e 5 minutos.

3

Cada grupo fai a súa presentación e, seguidamente, abrimos un debate sobre as seguintes cuestións:

- Teñen algo en común todos os casos?
- Cales son as causas que sinalan as novas?
- Fálase da demanda dos puteiros e o seu papel? Por que?

- Quen estaba detrás do mantemento desta explotación nestes casos? É sempre así?
- Que tiñan en común as mulleres destes casos?
- Que credes que foi determinante para descubrir estes casos de explotación sexual?
- Sábese que pasou coas mulleres vítimas desa explotación?

Pistas para a reflexión

A explotación sexual de mulleres é unha realidade moi próxima a nós. Basta botar unha ollada na nosa cidade e arredores para ver clubs que se publicitan sen ningún tapuzo. En Galicia, en 2014, funcionaban máis de 240 clubs e 323 pisos de contacto.

Así, os clubs atópanse ao lado das nosas casas, e vemos todos os días nos xornais e publicidade os anuncios de mulleres sendo explotadas. Violencia cotiá, presente en todo momento na nosa contorna, tanto física como virtualmente a través da pornografía e sexo online.

O perfil máis común das vítimas, no caso de Galicia, é o de mulleres procedentes de América Latina, especialmente mulleres mozas de zonas ou países onde se viven situacións de inseguridade e dificultade económica.

No caso dos puteiros non existe perfil determinado, pode ser o de calquera varón.

Dinámica 3. A explotación sexual é violencia

Obxectivos didácticos específicos

- Identificar a trata e a explotación sexual como unha forma de violencia machista.

Espazo e recursos

- Proxector.
- Presentación (en materiais) con imaxes que representen as diferentes formas de violencia de xénero.

Materiais asociados

- Imaxes sobre violencia de xénero recollidas na presentación (en outros materiais)

Metodoloxía

1

En pequeno grupo, deberán analizar as imaxes recollidas na presentación. Deberán analizar se o que se representa son formas de violencia machista e xustificar o motivo. Deben indicar se observan:

- Violencia física
- Violencia psicolóxica
- Violencia sexual
- Violencia económica
- Violencia institucional
- Violencia simbólica

2

Compartimos en plenaria, prestando especial atención a aqueles aspectos que costa identificar como violencia de xénero. Cando chegamos á imaxe da explotación sexual de mulleres preguntamos de novo:

- Trátase dunha violencia machista?, por que?
- Que formas de violencias machistas sofren as mulleres vítimas?
- Está recoñecida pola lei estatal como unha forma de violencia machista? E na lei galega?
- É a prostitución?
- Que diferenza hai entre a trata sexual, a explotación sexual e a prostitución? Sofren as mulleres as mesmas violencias e abusos nos tres casos?

Pistas para a reflexión

A lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero recoñece a trata con fins de explotación sexual como violencia de xénero, o que permite

incidir na adopción de estratexias, medidas e recursos de prevención, protección, integración e reparación específicos para as mulleres vítimas.

A trata sexual é un dos mecanismos empregados para a captación de mulleres para a súa explotación sexual, na prostitución e na pornografía. A cantidade de homes que demandan prostitución e/ou pornografía supera enormemente o número de mulleres en prostitución. A demanda supera enormemente a oferta. É aí onde entran as redes de trata que buscan mulleres e nenas en situación de vulnerabilidade para encher os clubs, pisos, zoas de prostitución de rúa e pornografía, e o fan a través de abusos, coaccións e ameazas, exercendo diferentes formas de violencias machistas con total invisibilización.

Sen prostitución non hai trata. Existe trata porque non existen mulleres que queiran exercer a prostitución polo que é necesario acudir ao engano e ao aproveitamento de condicións de vulnerabilidade para captalas. É evidente a relación directa entre prostitución e trata con fins de explotación sexual, polo que non poden ser desligados na súa abordaxe e atención.

A explotación sexual é violencia de xénero, xa que a sofren maioritariamente mulleres e nenas polo feito de ser mulleres, sustentada na desigualdade de xénero e baseada na idea patriarcal do privilexio dos homes de acceder ao corpo das mulleres, impondo o desexo e a liberdade deles por riba dos dereitos e vontade das mulleres explotadas sexualmente, un privilexio masculino normalizado e promovido por medio da industria do entretemento (cine, series, tv...) e sobre todo, a través da megaindustria da pornografía e o lobby proxeneta e prostitucional.

Así, é un tipo de violencia machista/xénero que recolle, como ocorre na maioría dos casos, múltiples manifestacións da mesma: violencia física, psicolóxica, sexual, económica, institucional e simbólica.

Ao igual que nas outras formas de violencia machista, para acabar coa explotación sexual hai que atacar ás súas causas, entre a que se atopa o mantemento dunha masculinidade tóxica, que demanda corpos de mulleres, así como as desigualdades de xénero que as permiten e promoven.

Dinámica 4. Mitos e realidade

Obxectivos didácticos específicos

- Desmontar os mitos que perpetúan as violencias machistas e invisibilizan e naturalizan un modelo de masculinidade tóxica respecto as relacións interpersoais e sexuais entre homes e mulleres.
- Cuestionar que consecuencias teñen estes mitos e o feito de que se sigan difundindo sen ningunha mirada crítica.

Espazo e recursos

- Listaxe mitos.
- Pelota ou tarxetas de cartolina de cor verde, amarela e vermello (necesitaranse 3 tarxetas, unha de cada cor para cada persoa).
- Viñetas de mitos (pódense descargar na pestana de recursos, serven para desenvolver a última variación da dinámica).
- Cinta de carroceiro.

Materiais asociados

Aliad Ulteira (2019). Campaña #ExplotaciónSexualÉViolencia #PorQueSonAbolicionista. En outros materiais.

Pérez, Silvia (dir.) A trata de persoas con fins de explotación sexual, Escola para profesionais de Igualdade, curso 2013, Secretaria Xeral de Igualdade (SXI)

Metodoloxía

1

Trazamos unha liña vertical no chan (con cinta adhesiva). Ao lado esquerdo ponse un símbolo que indique acordo (emoticono, cor verde...) e no lado esquerdo algún símbolo que indique desacordo. Sobre esta liña colócanse as persoas en fila. No caso de que non teñamos espazo suficiente, podemos facelo con tarxetas de cores (verde, amarelo, vermello).

A persoa facilitadora vai ler unha serie de afirmacións (ver listaxe mitos) e quen participa debe situarse á esquerda da liña se están de acordo e á dereita se están en desacordo. A proximidade ou distancia á liña indicará o grado de conformidade ou desacordo. Por exemplo, se estou preto da liña á esquerda estou un pouco de acordo, se me sitúo lonxe da liña á esquerda indicará que estou completamente de acordo.

Ante cada un dos mitos, unha vez posicionadas todas as persoas, irase pasando unha pelota e quen a teña poderá explicar o porqué do seu posicionamento. As persoas poden cambiar de posición ao escoitar os argumentos das compañeiras e compañeiros.

A persoa facilitadora aclarará algunhas ideas no caso de que se manexen datos incorrectos, e irá anotando no encerado novos mitos que poidan xurdir durante o debate.

Alternativa 4.1. Viñeteando polos mitos

En vez de partir da valoración de mitos que propomos, podemos elaborar co alumnado eses mitos e despois cuestionalos.

1

Pídeselle ao alumnado que pensen en frases ou argumentos que escoitaran sobre a prostitución e/ou explotación sexual, xa sexa na súa contorna, nos medios de comunicación, nas redes sociais ou calquera outro medio.

- Que se nos din das mulleres en prostitución? Que imaxe se nos dá sobre como son, que buscan, que fan? Como aparecen reflectidas nas series, películas ou videoxogos que vemos/xogamos?
- Que se nos conta dos proxenetas? Quen son? Como son e como se comportan?
- Que se nos conta dos puteiros? Saen homes consumindo mulleres en prostitución nas series, películas e videoxogos que vemos? Como son eses homes, como se comportan?

Recollemos todos estes estereotipos no encerado, sen cuestionar aínda a súa validez.

2

A continuación facemos grupos, e repartimos a cada un deles unha das viñetas da campaña de Aliad Ultreia (2019) #ExplotaciónSexualÉViolencia #PorQueSonAbolicionista, na que se presentan mitos sobre a prostitución. Deben debater sobre o que recolle a viñeta e sobre os datos que se atopan detrás, e pensar en contraargumentos o frases que desmonten eses mitos.

3

Analizado o mito e a realidade que hai detrás, deberán elaborar grupalmente dúas viñetas, unha que represente o mito e outra a realidade que hai detrás. Por exemplo: na primeira viñeta visualízase un mundo de glamour e poder destas mulleres sobre os homes e, na segunda, as violencias que hai detrás e abusos de poder sobre estas mulleres.

4

Preséntanse no grupo-clase, e ábrese debate e reflexión grupal.

Retómanse as xustificacións que recollemos ao principio sobre a prostitución e os seus integrantes. Preguntamos sobre os mitos e visións, cuestionando a súa validez; o impacto que ten que se nos ofrezan esas visións distorsionadas da prostitución, proxenetas e puteiros; e a finalidade de soster e manter estes idearios.

Podemos traballar ben as viñetas e convertelas nunha exposición didáctica.

Pistas para a reflexión

Os mitos son ditos que se empregan na sociedade para simplificar a realidade e para xustificar accións aínda cando se sustentan en estereotipos falsos.

No caso da violencia de xénero, estes mitos compren as funcións de culpabilizar á muller e naturalizar a violencia contra elas. No caso da trata e/ou explotación sexual, busca normalizar unha institución patriarcal que perpetua o acceso dos homes ao corpo das mulleres e invisibilizar o papel dos puteiros na súa existencia. Así, a prostitución e a explotación sexual están sostidas sobre un sistema explotador masculino que se xustifica sobre a base de certos mitos.

Aínda son moitas as persoas, medios de comunicación e políticas que asumen estes mitos como verdades absolutas e os reproducen, provocando nas leis e na sociedade permisividade ante as situacións graves de maltrato, engano, violencia e pobreza, que sofren as mulleres prostituídas e explotadas.

Estes mitos, que mostran a mulleres elixindo ou gozando da violencia que padecen, provocan na sociedade un efecto negativo, non só para as vítimas da violencia de xénero, senón para todas as mulleres e para a sociedade. Perpetúan a violencia contra as mulleres como ferramenta de control social e son o sustento e causa da violencia e das desigualdades de xénero.

Ao longo do curso pode ser interesante abordar o tema da pornografía como elemento ao que teñen total acceso os e as adolescentes e que crea un imaxinario machista tanto nas imaxes de como son homes e mulleres, nas relacións de poder entre eles, nas prácticas e comportamentos baseados no desexo masculino e na sumisión e violencia cara as mulleres no ámbito da sexualidade.

Nesta sesión pode ser importante incidir que o mercado do sexo, que estamos analizando e ollando con mirada crítica, non só é a prostitución, senón tamén a pornografía. Sería interesante poder desenvolver esa mirada crítica traballada nesta materia ao contido pornográfico ao que teñen cada vez máis acceso sen límite.

Anexo. Mitos sobre a prostitución e a explotación sexual

(adaptados dos mitos recollidos en Pérez Freire, Silvia (dir.) 2013 *A trata de persoas con fins de explotación sexual*, Escola para profesionais de Igualdade. SXI)

A prostitución é o oficio máis antigo do mundo, por iso non vai desaparecer.

A prostitución non é un oficio e non é tan antigo.

O oficio máis antigo do mundo rexistrado é a agricultura.

E de todas formas, lexitimamos os actos de violencia, violación e tortura porque existiran sempre? Calquera construción humana, polo feito de ser construída, é susceptible de ser eliminada, cambiada ou perpetuada.

É un traballo como outro calquera.

Coñeces algunha outra "profesión" na que entre o 60 e 80% das persoas que a exercen sexan sometidas regularmente a violencia física ou sexual?

Se se trata dun traballo como outro calquera, por que son moi poucas as mulleres de Europa occidental as que a exercen?

Acaso para promover a igualdade de oportunidades e de xénero debería potenciarse que máis homes se dediquen a iso?

A prostitución é un traballo "doado" no que se gañan moitos cartos.

O exercicio da prostitución nunca é doado: o risco que se asume é alto tamén para a saúde física e psíquica das mulleres e, ademais, en moitas ocasións este exercicio vai acompañado de réximes de explotación duros.

O diñeiro non pode xustificar unha vulneración de dereitos e o exercicio de violencia contra as mulleres. Se trata dun dos negocios ilícitos que máis diñeiro xera, pero non precisamente ás mulleres. Quen máis se benefician son os proxenetas, os donos de clubs e outras persoas implicadas na rede.

O propio debate sobre as ganancias é malintencionado: sexa cal sexa a ganancia, a prostitución consiste en que unha persoa compra o acceso ao teu corpo e á túa sexualidade sobre os termos e mandatos só dunha das partes: o puteiro. Isto non pode ter un prezo, ou si?

Se un/unha adolescente acepta ter relación sexuais a cambio de diñeiro estamos falando de prostitución.

En ningún caso podemos falar de prostitución de menores, exista ou non aceptación da menor, en calquera caso trátase de explotación sexual infantil.

A prostitución ten que ver coa liberdade sexual.

Referímonos á liberdade sexual de quen?

Hai acordo de que a liberdade sexual consisten en desfrutar plenamente da túa saúde e os teus dereitos sexuais e reprodutivos, en base á igualdade e libre de calquera forma de discriminación, coerción ou violencia (OMS).

A prostitución non ten que ver con relacións sexuais igualitarias senón que se trata dunha cuestión de poder: a compra dun acto sexual que supón en si mesma a denegación dos dereitos sexuais, a autonomía sexual e o desexo da outra persoa.

A escravitude é "cousa do pasado" e a trata de persoas é pouco común.

Se ben a nivel normativo a día de hoxe a escravitude está penada na maioría dos países, existe escravitude en todos os ámbitos (laboral, doméstico, explotación sexual...) e a trata acontece a diario en todo o mundo.

No caso da trata con fins de explotación sexual pensemos na Operación Carioca, ou no número de clubs, pisos e bares que existen, que vemos cando camiñamos ou cando saímos do centro da cidade. Nestes espazos estase dando a explotación sexual de mulleres e, de seguro, existen casos de trata sexual. Esta escravitude é unha realidade moi próxima a nós e ante a que é necesario reaccionar.

De feito, España é un dos principais países de tránsito e destino para mulleres en situación de trata sexual, ademais de ser o primeiro país europeo en consumo de prostitución e o terceiro no mundo

(<https://geoviolenciasexual.com/espana-la-puerta-de-entrada-de-la-trata-con-fines-de-explotacion-sexual-en-europa/>)

A trata con fins de explotación sexual non pode darse en mulleres galegas, españolas ou mulleres "con papeis".

A trata de persoas supón explotación e escravitude, mesmo sen necesidade de cruzar ningunha fronteira. Unha muller pode ser vítima de trata dentro do seu mesmo país ou aínda se teñen os seus documentos en regra.

Un factor fundamental para ser vítima de trata é que as mulleres se enfronten a unha situación de vulnerabilidade. Non hai tanto tempo, no século pasado, eran as mulleres galegas as que foron vítimas de trata sexual, un caso investigado é o vencellado a migración en Cuba (revisar a bibliografía sobre "Hijas de Galicia" onde se recolle a historia das mulleres galegas migrante explotadas e prostituídas).

A prostitución e a trata con fins de explotación sexual existe para que os homes podan satisfacer as súas necesidades sexuais, especialmente aqueles que teñen maiores dificultades.

Os puteiros non teñen un perfil sociolóxico concreto: teñen diferentes idades, clases económicas, niveis formativos e diferentes situacións afectivas e familiares.

E aínda no caso de que se trate de homes con maiores dificultades, por que cremos que son só os varóns os que teñen "dereito" a usar o corpo das mulleres?

Se as mulleres temos tamén necesidades sexuais, por que elas non acoden a prostitución? Será por que hai un sistema detrás, o machismo, que normaliza que os homes podan aproveitarse da situación de mulleres para explotalas sobre a escusa das necesidades?, non será unha cuestión de poder e de dominio o que esta detrás dese suposto desexo masculino?

A maioría das mulleres vítimas de trata son pobres e un pouco inxenuas.

As vítimas presentan un perfil socioeducativo e formativo moi diverso. O que comparten son vivir en situacións de necesidade, de vulnerabilidade, coacción ou engano.

É habitual que mulleres que viven en situacións de crise económica, con ou sen estudos, se vexan atrapadas pola explotación sexual e as súas redes ante a falta de saídas e situacións extremas de necesidade e vulnerabilidade

As vítimas saben en que se están a meter e se non, é tamén a súa responsabilidade por non indagar máis.

Moitas veces son enganadas ou están baixo coacción, polo que non ten sentido e é inxusto culpar á vítima. Outras veces son persoas próximas e de confianza as que as captan (familiares, lider relixioso, persoa de autoridade na comunidade...). Pero o que non podemos facer nunca é xustificar unha violencia sobre unha persoa polo feito de que dese o seu consentimento sobre algún dos aspectos do proceso de trata, para cruzar de forma ilegal ou realizar determinadas actividades ligadas á prostitución. No momento en que as condicións son abusivas, hai coacción ou ameaza, non cabe o consentimento.

As vítimas de trata poden pedir axuda e contar a súa situación. Se non o fan é porque non queren.

Moitas vítimas non se recoñecen como tales. Outras non teñen a oportunidade de pedir axuda porque viven illadas ou controladas polas persoas tratantes (retivéronlles os documentos, están ameazadas, hai barreras idiomáticas, viron policía ou autoridades nos lugares onde exercen e non teñen confianza coas autoridades, etc.)

Mesmo se teñen a oportunidade, a autoculpabilización, a vergoña, as ameazas ante o pago da débeda, ser o sustento económico da súa familia de orixe, a falta de confianza nos demais e a ausencia de redes de apoio, fan que as vítimas garden silencio.

Todas e todos somos responsable do fenómeno da trata.

Non todas e todos temos a mesma responsabilidade, os máximos responsables son os que a promoven e se benefician dela: proxenetes, puteiros e todas as demais persoas, empresas e entidades que obteñen beneficios da mesma.

Tamén o Estado ten responsabilidade en acabar con esta violencia e garantir os dereitos e seguridades da súa cidadanía.

Así mesmo, nós non seremos responsables se non miramos para outro lado, se visibilizamos esta realidade ante a sociedade e na nosa contorna e esiximos que se tomen medidas para acabar con ela.

É un mal necesario.

Necesario para quen? (proxenetas, traficantes, puteiros...)

É un rápido e bo xeito de iniciarse nas relacións sexuais.

A prostitución é unha caricatura da sexualidade. Alí onde a sexualidade é aberta, desexada e compartida non é admisible un acto comercial, dado que o suposto “contrato” está baseado na desigualdade das partes.

A elas gústalles.

A prostitución e a trata constitúe un dano para a saúde física, psíquica e afectiva das mulleres que a exercen, as circunstancias e a súa situación de maior vulnerabilidade son os factores determinantes no inicio e continuidade da actividade.

A ninguén lle gusta vivir situacións de violencia, realizar actos sen o desexo nin a liberdade de elixir, recibir ameazas ou abusos de poder constantes.

A prostitución é unha forma de evitar violacións.

A violación e a prostitución son dous tipos de violencia sexual: unha non supe a outra. O problema das violacións é que hai violadores, é onde hai que poñer o foco.

A violación é máis visible e se empatiza (nalgúns circunstancias) coa vítima porque pode representar a calquera muller. Na prostitución existe o estigma de “puta” e non se xera esta empatía nin é tan visible.

Segundo un estudo realizado en 9 países o 62% das mulleres en prostitución foron agredidas sexualmente/violadas.

Non hai xustificación para minimizar a violencia sexual ou afirmar que os homes poden exercela libremente con certas mulleres, aquelas que están en prostitución. De feito non existe ningún outro delito para o cal se cree un espazo social específico para exercelo.

Dinámica 5. Desvelando a realidade

Obxectivos didácticos específicos

- Visibilizar a responsabilidade dos puteiros demandantes de prostitución e proxenetas na creación do sistema prostitucional.
- Reflexionar sobre as relacións de poder na prostitución.
- Recoñecer o estigma que se lle aplica ás mulleres en situación de prostitución e como iso non se dá de igual modo no caso dos homes puteiros.

Espazo e recursos

- Material para a elaboración das siluetas

- Acceso a internet

Metodoloxía

1

En pequeno grupo, pídeselles que visualicen a imaxe que asocian cunha muller en situación de prostitución e coa dun puteiro. Deben debuxala e indicar ao redor:

- Como son? Idade, orixe, características....
- Como son fisicamente e como van vestidos?
- Que buscan ou queren lograr?
- Teñen familia?
- Teñen estudos?
- Como é o seu día a día?
- Cal é a súa posición social, situación económica?

2

Ponse en común esa imaxe mental e vanse escribindo todas as ideas en dous bloques separados: un bloque para as mulleres en prostitución e outro para os homes puteiros. Reflexionarmos sobre o resultado:

- Xurdiron estereotipos que poden non ser acordes coa realidade?
- Que imaxe temos dos homes que acoden a prostitución? Como os representan nos medios de comunicación, no cine, na tv...?
- Cando falamos de prostitución: en que pensamos, nos homes ou nas mulleres?.

3

De novo, en pequeno grupo, deben:

- recoller todos os termos que existen para designar ás mulleres en prostitución, e as que existen para puteiro, observando como se dá unha longa lista de termos para designar ás mulleres en prostitución e todo o contrario no caso dos puteros-prostituídores.
- rastrexar nun buscador de internet a palabra "prostitución" e analizar o que sae representado: en xeral son os homes ou as mulleres?

Pídeselles que reflexionen sobre a maior visibilidade das mulleres neste ámbito. Preguntámonos: por que credes que a pesares de ser os puteiros a razón da trata e explotación sexual de mulleres e nenas, non aparecen moitas veces visibilizados como peza fundamental da existencia do mercado sexual?

4

Para finalizar realizarase un debate en plenaria. En dito debate búscase reflexionar sobre:

- A hipervisibilización das mulleres en prostitución, o seu estigma, como os termos empregados para referirse a elas teñen connotacións negativas.
- A tendencia a homoxeneizar ás mulleres en prostitución cando, se ben comparten características comúns relacionadas coas necesidades económicas e vitais, son ao igual co resto de nós, un grupo con diferentes historias de vida.

- Invisibilización social da principal causa da existencia da explotación sexual, que son os prostituídores e os proxenetas, e como segue a xustificarse e empregar a neutralidade de termos como a de clientes para referirnos aos homes puteros-prostituídores. Analizar a carencia de estigma así como a non responsabilización dos homes na explotación sexual das mulleres/nenas.
- A causa da existencia da explotación sexual de mulleres, as razóns polas que os homes acoden a prostitución.
- As consecuencias ten a prostitución na liberdade, autonomía e dereitos das mulleres e no logro da igualdade entre homes e mulleres na nosa sociedade.

Soe ser corrente que se dea unha forte construción estereotipada das mulleres e dos homes puteiros que moitas veces se afasta da realidade e da diversidade existente, especialmente en relación a estes últimos, xa que segundo os datos dispoñibles, en España un 39% dos homes recoñecen ter acudido á prostitución o que supón que non existe un perfil definido, senón que homes de todas as idades, posicións e traballos acoden a prostitución e normalizan a explotación sexual.



Aliad Ulteira (2018). Campaña #ExplotaciónSexualÉViolencia

Dinámica 6. Do que non se fala

Obxectivos didácticos específicos

- Coñecer os distintos actores que favorecen e posibilitan a prostitución, visibilizando quen se beneficia da prostitución: puteiros, proxenetas, donos de clubs.
- Reflexionar sobre o papel que cada un destes axentes ten dentro da armazón da trata.
- Relacionar a demanda (puteiros) coa existencia da prostitución.
- Entender as causas da demanda, relacionala cos roles de xénero e as relacións de poder entre os sexos.

Espazo e recursos

- Fichas de diferentes tamaños para elaborar o gráfico
- Papelógrafo ou encerado

Metodoloxía

1

En pequeno grupo pídese que elaboren un listado das persoas, grupos ou institucións implicadas na prostitución.

2

Compártese en plenaria, escribindo cada axente nunha ficha de papel. As fichas serán de diferentes tamaños, e o alumnado xustificará a escolla dunha ou doutro peza en función da maior ou menor responsabilidade do axente implicado. Deste modo, o tamaño das pezas permítenos visibilizar quen ten unha maior ou menor responsabilidade na existencia da explotación sexual.

É importante que saian a lo menos as seguintes pezas: as mulleres, os puteiros, os proxenetas (donos de clubs, empresas....), o Estado, os medios de comunicacións, e a sociedade civil.


Posteriormente, colocaremos cada peza como unha pirámide de forma que podamos crear un mapa visual de quen sustenta a explotación sexual de mulleres.

3

Unha vez exposto, falaremos da peza central da prostitución, isto é: a demanda dos puteiros.

Para elo empregaremos a dinámica do World Café:

- xéranse 4 espazos de debate simultáneos;
- neses espazos permanece de forma estable un alumno/a, que comparte e recolle as ideas que van xurdindo en torno ao tema;
- o resto do alumnado, dividido en 4 grupos, vai rotando polas



diferentes mesas, dedicando 10 minutos a cada un dos debates;

- a dinámica remata cando volven estar na mesa de partida (é dicir, despois de ter rotado polas 4 mesas de debate) onde, grupalmente, elaborarán as conclusións sobre ese tema, atendendo ao que foron aportando os diferentes grupos.

As cuestións sobre as que traballarán son:

- 1 Que busca un mozo ou home cando paga por ter sexo?
- 2 Como afecta aos mozos ou adultos acudir a prostitución?
- 3 Por que en España hai un índice tan alto de homes que pagaron ou pagan por sexo (39%)?
- 4 Como cres que se senten as mulleres en prostitución? Como é a relación con eses homes?

4

A continuación expóñense en plenaria as conclusións de cada un dos catro debates, completando o coñecemento xerado colectivamente con ideas do traballado en sesións anteriores en torno á educación afectivo sexual, á necesidade de rachar cos modelos desiguais nas relacións persoais e afectivas e construílas sobre o diálogo, o respecto e o desexo mutuo.

É importante sinalar entre as causas o machismo, o modelo de masculinidade hexemónica, a educación sexista, a presión grupal, os mandados, os roles, as desigualdades de xénero e as relacións de poder/dominación entre xéneros.

Dinámica 7. Que fan os Estados? Diferentes modelos fronte a prostitución

Obxectivos didácticos específicos

- Recoñecer o papel do Estado como axente que debe velar e ser garante de dereitos.
- Investigar sobre os distintos réximes legislativos en torno a prostitución e as súas consecuencias (España, Alemaña e Suecia).

Espazo e recursos

- Acceso a internet e/ou a outras fontes documentais.

Materiais asociados

Kajse Claude, Con la mira en el cliente de servicios sexuales. El ejemplo sueco, 2010.

<http://www.rtve.es/noticias/20180830/prostitucion-espana-actividad-no-regulada-pero-si-castigada-caso-proxenetismo-trata/1788540.shtml>

https://elpais.com/diario/2009/02/21/sociedad/1235170801_850215.html

Metodoloxía

1

Iniciase o exercicio cun debate en plenaria. Preguntamos se a prostitución é legal ou ilegal en España, e se existe algunha pena ou multa por estar en prostitución ou por ser puteiro.

Normalmente hai certa confusión sobre cal é a situación da prostitución en España.

Exponse a situación de alegalidade do exercicio e acceso á prostitución e a penalización do proxeneta e o proxenetismo. Así, en España a prostitución non está regulada como tal, nin é legal nin ilegal en si mesma, pero o Código Penal español si castiga con penas de prisión a trata e o proxenetismo.

Ademais, no caso de España, a nivel local os Concellos teñen a capacidade de sancionar a prostitución na vía pública nas súas ordenanzas municipais, así como decidir sobre outorgar licencias de apertura como bar de copas ou hoteis aos clubs. Neste punto sería interesante indagar o que fixo o noso Concello neste ámbito, ou se non fixo nada.

2

En pequenos grupos de investigación, deben indagar sobre os diferentes modelos postos en marcha polos países para abordar a prostitución e a explotación sexual principalmente a regulacionista, abolicionista, prohibicionista².

² Existen outros modelos como os mixtos e a non regulación, pero centramos os grupos de investigación nestes tres, xa que se lles pide que analicen os seus fundamentos e son os que ofrecen un modelo de comprensión e abordaxe da prostitución.

Por grupos deben investigar cada un destes modelos, ver cales son as súas premisas teóricas, en que países ou zonas se implantaron e cales foron as consecuencias segundo a información dispoñible.

Exponse que en Europa conviven distintos modelos de resposta ante a prostitución, para que poidan identificar os países a analizar:

- Regulacionista: Holanda, Alemaña, Austria e Grecia.
- Abolicionista: Suecia e Francia.
- Prohibicionista: Reino Unido e Irlanda.
- Modelos mixtos: España, Portugal, Italia, Bálxica, Luxemburgo e Dinamarca.

3

Expóñense os traballos, convidando a que o fagan dunha forma dinámica e creativa.

Notas para a reflexión

MODELO REGULACIONISTA

Modelo que considera a prostitución como un feito inevitable.

Busca establecer un sistema de control da actividade da prostitución como se fora un traballo, regulando os elementos que interveñen nel.

Neste modelo as persoas en prostitución estarían baixo as normas e controis públicos, pagarían impostos, terían acceso á seguridade social cotizando, ademais de establecerse controis sanitarios de maneira periódica. Prohibiríase e sancionárase a prostitución clandestina exercida ao marxe destes controis.

Sen embargo, quedarían fóra de calquera tipo de control os puteiros que demandan prostitución.

Con este modelo os proxenetas pasarían a ser considerados empresarios que pagan impostos polo seu negocio, sen que se lles penalice o beneficiarse do traballo alleo.

Alemaña. Ten a lei de prostitución máis liberal, aprobada en 2002 pola entón coalición de goberno entre socialdemócratas e verdes. Esta lei recoñece ás mulleres en prostitución como traballadoras do sexo con dereitos laborais e cobertura social como "prestadoras dun servizo".

Non obstante, en abril de 2016 o Consello de Ministros alemán aprobou un proxecto de lei que establecía penas de prisión de tres meses a cinco anos para quen manteña relacións sexuais con mulleres obrigadas a prostituírse, cando o puteiro sexa consciente diso.

Moitos grupos, organizacións, a Policía... mostraron que esta legalización xerou todo o contrario ao pretendido: creceron as mafias e a trata de mulleres procedentes doutros países cara Alemaña, para dar resposta ás demandas de puteiros nos macroburdeles creados no país. A imposibilidade de perseguir moitos delitos de proxenetismo que agora se presentan como negocios e servizos legais. Cada vez dánse peores condicións de "traballo", baixada de prezos pola chegada continúa de mulleres tratadas....

Holanda. A prostitución está regulada como un traballo dende o ano 2000. A lei obriga aos propietarios dos clubs a pagar impostos e a Seguridade Social das mulleres en prostitución. Elas deben ter unha licenza municipal, pagan a seguridade social (elas ou os proxenetas) e poden cobrar o paro. En Dinamarca, as mulleres en prostitución pagan impostos pero non teñen nin paro nin seguridade social.

Tamén é legal e está regulada a prostitución, en Suíza, Austria, Grecia, Turquía, Nova Zelandia, algúns estados de Australia e o estado norteamericano de Nevada.

MODELO ABOLICIONISTA

Modelo que identifica a prostitución como unha forma de violencia contra as mulleres e busca a abolición da explotación e o comercio sexual das persoas.

Busca poñer o foco no fin da demanda dos puteiros e o proxenetismo. Sitúa a súa existencia na persistencia do patriarcado, a desigualdade de xénero e a construción dun modelo de masculinidade tóxica, centrado no exercicio do dominio e do poder dos homes sobre as mulleres. A prostitución como unha institución creada e pensada para o pracer dos homes e o seu acceso libre ao corpo das mulleres, aínda que interveñan outras persoas. Mentres exista non haberá realmente igualdade na sociedade.

Este modelo recolle a penalización social e económica aos puteiros e despenalización ás persoas en prostitución, sen criminalizar a súa situación. Implica tamén abordar a situación das mulleres en prostitución contando con recursos, apoio e oportunidades para as que desexan abandonar a prostitución.

O referente é a lexislación aprobada polo goberno sueco que asume a prostitución como unha forma de violencia contra as mulleres, proposta cun forte compoñente de sensibilización á poboación e recursos amplos para abordar a situación das mulleres. A prostitución e a explotación sexual de mulleres é considerada como un problema social significativo, que non só dana á muller ou á menor que é prostituída senón tamén a toda a sociedade.

Suecia. En 1999 converteuse no primeiro país do mundo en castigar por lei aos puteiros e penalizar a publicidade e consumo de explotación sexual. En canto ao proxenetismo, as normas penais tipifican a conduta de quen se beneficia da prostitución, sen que na valoración se teña en conta a existencia ou non de consentimento por parte da vítima.

A finalidade e a lóxica que está detrás desta lexislación aparece reflectida na propia normativa:

"En Suecia a prostitución é considerada como un aspecto da violencia masculina contra mulleres, nenas e nenos. É recoñecida oficialmente como unha forma de explotación de mulleres, nenas e nenos e constitúe un problema social significativo (...) a igualdade de xénero continuará sendo inalcanzable mentres os homes merquen, vendan e exploten a mulleres a nenas e nenos prostituíndoos"

A estratexia legal de sanción da lei foi acompañada dun elemento esencial para abordar a situación, contase con fondos para servizos sociais integrais para dar soporte a calquera muller en

prostitución que queira deixalo, así como fondos adicionais para a sensibilización á poboación, para programas educativos nas escolas dirixidos á mocidade e para programas para puteiros.

Segundo un estudo realizado, dende a súa aprobación reduciuse de forma drástica na capital, Estocolmo, a cantidade de mulleres en prostitución, reducíndose 2/3, e a de puteiros nun 80%. Noutras grandes cidades suecas, o comercio sexual case desapareceu así como os burdeis e salas de masaxe que existían polo país. Tamén se reduciron ao mínimo o número de mulleres vítimas de trata sexual no país.

Un modelo copiado anos máis tarde por países como Noruega, Francia e Islandia.

MODELO PROHIBICIONISTA

Modelo que opta pola prohibición da prostitución e sanciona penalmente a todas as partes: persoa en prostitución, proxeneta e puteiro. Neste modelo a prostitución é entendida como un asunto de orde público e en ocasión de índole moral.

Hungría. En Hungría a prostitución é ilegal. Penalízase, sobre todo ás mulleres en prostitución que exercen "en zonas protexidas". Elas enfróntanse a multas e incluso a prisión, ao cliente só se sanciona se a persoa prostituída é unha menor.

MODELO MIXTO

España. Como xa se sinalou en España a prostitución nin é legal nin é ilegal, atopase nunha situación de alegalidade xa que non se lexislou nun sentido nin noutro, pero o Código Penal español si castiga con penas de prisión a trata e o proxenetismo.

O Código Penal castiga con penas de 2 a 5 anos ao que "empregando a violencia, intimidación ou engano, ou abusando dunha situación de superioridade ou de necesidade ou vulnerabilidade da vítima, determine a unha persoa maior de idade a exercer ou a manterse na prostitución". As penas son de 2 a 4 anos cando a persoa "se lucre explotando a prostitución de outra persoa, aínda co consentimento da mesma". O castigo pode ser maior se se trata dunha organización criminal ou se o proxeneta é funcionario público.

Tamén está penado con prisión "o que induza, promova, favoreza ou facilite a prostitución dun menor de idade ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección, ou se lucre con elo". No caso de menores e discapacitados, o Código Penal tamén castiga con prisión a quen "solicite, acepte ou obteña, a cambio de remuneración ou promesa, unha relación sexual".

Existe unha grande variedade de posturas nas ordenanzas municipais nas cidades do Estado:

Na cidade de Barcelona aprobouse no 2006 unha ordenanza para prohibir a prostitución na rúa, nun enfoque centrado na orde pública, a través da cal tanto mulleres en prostitución, proxenetas e clientes son multados. Non se penaliza a prostitución ou a explotación sexual senón só se sanciona a prostitución exercida na rúa.

Pola súa contra, a ordenanza da cidade de Sevilla, reformada en 2017, considera a prostitución como unha forma de violencia machista e persigue e sanciona economicamente ao puteiro con multas.

Dinámica 8. E os dereitos sexuais...para quen?

Actividade adaptada do manual de Herramientas pedagógicas para la prevención de la trata.

Obxectivos didácticos específicos

- Identificar os aspectos nos que se sustenta unha sexualidade sa e igualitaria.
- Desmontar a vinculación entre prostitución e exercicio de liberdade sexual.
- Valorar os impactos que pode ter sobre a saúde afectivo-sexual de mulleres e homes a prostitución.

Recursos

Adaptación de: Bustamante, Alicia (2014). *Herramientas metodolóxicas para la prevención de la trata con fines de explotación sexual*. CEPAIM.

Metodoloxía

1

En plenaria, recórdanse os criterios que garanten unha sexualidade sa e igualitaria (xa traballados na sesión de educación afectivo-sexual).

Lembramos os criterios de ética relacional e o que supón cada un deles:

- Autoestima e autocoñecemento
- Relacións entre iguais
- Relacións consentidas
- Comunicación
- Pracer compartido
- Responsabilidade compartida
- Sexo seguro
- Desvinculación responsable

2

Dividimos ao alumnado en dous grupos para analizar e reflexionar sobre cales destes elementos son respectados e cales son vulnerados en relación a:

Grupo 1: A vítima de trata sexual/prostitución, nun club, piso ou rúa.

Grupo 2: Os puteiros que acoden a un club, piso ou rúa a pagar por sexo.

3

O presentamos en plenaria e identificamos que diferencias atoparon, reflexionando sobre os seguintes aspectos:

- Funcionan estes criterios nunha soa dirección ou afectan de igual maneira a todas as partes implicadas?

- Que pasa cando estes criterios son vulnerados o non se respectan? Cales son as consecuencias na vida das persoas?
- Despois do traballado: podemos afirmar que na prostitución/explotación sexual poden darse relacións sexuais libres, entre iguais e sas? Por que?


Dinámica 9. A contrapublicidade

Obxectivos didácticos específicos

- Reflexionar sobre a publicidade de prostitución no noso contexto, que esconde e quen se beneficia deste mercado.

Espazo e recursos

- Periódicos con publicidade de prostitución.



Materiais asociados

Fernández, Rodrigo; González, María; Jiménez, Isidro e Ramiro, Pedro (2009). *Contrapublicidad. Consume hasta morir.* Ecologistas en acción. Accesible en: <http://www.lettra.org/2018/09/08/descargachm/>

Metodoloxía

1

Pedímoslle ao alumnado que nas súas casas recolla na prensa local as páxinas nas que hai anuncios de prostitución. Nós podemos facer o mesmo, reforzando o material que traian.

2

En pequeno grupo, revisan os materiais e recollen:

- Como son descritas as mulleres nos anuncios?
- Aparecen anuncios de homes?, se é así, a quen van dirixidos?

Dáselles un tempo tamén para que valoren:

- Que significan estes reclamos e que imaxe dan das mulleres?
- Vemos normais estas mensaxes?
- Credes que todas as mulleres aquí anunciadas o fan por que é o que queren?

3

Presentamos os resultados en plenaria.

Analizamos se as mensaxes que se usan para atraer a puteiros describen orixes diferentes de mulleres como un reclamo, se fan referencia á xuventude, á novidade, ao sexo sen preservativo ou a outras prácticas sexuais de risco, etc. Analizamos o contido, a linguaxe que empregan, a quen van dirixidos, etc.

Preguntamos se algunha vez pensaron nestes anuncio e por que pensan que os temos normalizados, será que os vemos todos os días e xa non nos chaman a atención?

En clave de proposta, preguntamos ao grupo se cre que se pode facer algo para acabar con esta publicidade e visibilizar a realidade que hai detrás deles.

Explicáselles que hai diferentes mecanismos de denuncia da publicidade machista a nivel institucional, a nivel municipal, nalgúns concellos, e a nivel estatal no Observatorio da Imaxe das Mulleres: <http://www.inmujer.gob.es/observatorios/observimg/quejas/home.htm>. Exponse os pasos e o formulario a cubrir, investigando se no noso Concello existe este mecanismo de denuncia e como se faría. Tamén se poden visibilizar outras iniciativas, a través de recollida de firmas online, que conseguiron que non se celebraran eventos de prostitución ligados ao ocio masculino.


Alternativa 9.1. Contrapublicidade

Dividimos a clase en pequenos grupos de traballo. A cada un deles dámoslle un anuncio gráfico dun club ou negocio de prostitución por duplicado.

Deberán dar contido á táboa (en anexo) analizando que buscar transmitir o anuncio, a través das imaxes, fondo e slogan empregado. É importante que atendan a un plano descritivo (que hai) e outro valorativo (que nos transmite). Seguidamente, confrontamos o que nos transmite coa realidade, que hai realmente detrás?

Pídeselles que identifiquen un elemento ou dous que poidan ser alterados para modificar a mensaxe que se transmite, é dicir, darlle a volta á mensaxe que quere transmitir e convertelo nunha acción de contrapublicidade. Nos seguintes exemplos de contrapublicidade, vemos como poden facer interesantes estratexias comunicativas modificando:

O logo




O nome da marca/establecemento



O lema



A imaxe



Varios elementos do cartel



Expóñense os traballos na aula. Os outros grupos deberán comentar que lles transmite.

Anexo. Ficha de análise de anuncios publicitarios

	Que nos transmite	Realidade
<i>Produto que se anuncia</i>		
<i>Slogan</i>		
<i>Imaxes</i>		
<i>Fondo</i>		
<i>Mensaxe que quere transmitir</i>		

Dinámica 10. As historias nos nosos corpos

Actividade adaptada do manual de Herramientas pedagógicas para la prevención de la trata.

Obxectivos didácticos específicos

- Empregar o corpo para representar e reflexionar sobre a explotación de mulleres.
- Identificar todas as formas de explotación sexual como unha institución machista que se mantén e reproduce pola mesma causa: a demanda e libre acceso aos corpos de mulleres por parte dos homes.

Materiais asociados

Bustamante Mouriño, Alicia María (2014). *Herramientas pedagógicas para la prevención de la trata*, CEPAIM.

Metodoloxía

Nesta dinámica propónse un traballo a través do corpo por medio dunha técnica teatral: as siluetas. Trátase de converter o propio corpo nunha ferramenta de representación de conceptos, problemas complexos ou realidades que poden ser maleables e construídos de forma conxunta.

1

Crearanse equipas de 5 ou 6 persoas, e indicáraselles que, seguindo as consignas, deben formar figuras co corpo a modo de estatuas sen que ninguén quede fóra da composición.

A persoa facilitadora irá indicando que figuras deben formar. Primeiro pídese que constrúan figuras concretas, como por exemplo un dinosauro, un electrodoméstico... para logo pasar a composicións máis abstractas coma o amor, a amizade ou o medo.

Tras estes primeiros exercicios de quecemento pídese a cada grupo que configuren tras imaxes co seu corpo, en estatua, a modo de fotografía ou viñeta de cómic estática, que representen: a trata con fins de explotación sexual, a explotación sexual e a prostitución. Deberán incorporar a todos os axentes implicados, reflectindo causas e consecuencias.

2

Preséntanse ao gran grupo, analizando os elementos que a configuran:

- que escena está representando?
- que persoas ou conceptos están representadas? quen falta?
- que nos transmiten? que sentimentos, emocións?
- quedan reflectidas as causas? E as consecuencias?

Pódense ir incorporando cambios: na postura das personaxes, no seu xesto do rostro, nas relacións entre elas, incorporar novas personaxes, etc.

3

Trala exposición dos distintos grupos, pídese que identifiquen as diferencias entre as tres imaxes: trata con fins de explotación sexual, a explotación sexual e a prostitución. Analízase que hai en común e cales son as diferencias (causas, consecuencias...).

Recolleranse as ideas claves para visibilizar como as tres son parte do mesmo problema, sustentado sobre o machismo, as desigualdades de xénero e a situación de vulnerabilidade das mulleres.

4

Para finalizar, recuperamos aquela representación que máis gustou, co obxecto de promover o cambio. Unha vez formada, pedirase ao alumnado que non estea na estatua que, en silencio, vaian introducindo cambios na composición das/os compañeiras/os para lograr modificar esa imaxe de explotación nunha imaxe desexada:

- que teríamos que cambiar?
- que cambiaríamos primeiro?
- de quen dependen eses cambios?

Se se desexa as imaxes creadas poden ser levadas a un espazo público (o patio do colexio, a rúa...) e/ou facer unha foto final da composición que puidera ser empregada con fins de sensibilización.

Dinámica 11. Pasando á acción

Obxectivos didácticos específicos

- Propor accións grupais para difundir o aprendido.
- Incidir na idea de que cada persoa é axente responsable e activo do cambio.
- Potenciar o papel activo das persoas participantes como axentes de cambio e transformación social.
- Xerar unha rede de traballo para a prevención e a sensibilización da explotación sexual na súa contorna.

Metodoloxía

Esta actividade pode proporse como actividade final do curso ou só para levala a cabo con aquelas persoas que desexen continuar traballando no tema tras finalizar os obradoiros. A proposta de organización que se fai é aplicable a múltiples posibilidades de acción, as mesmas serán definidas polo grupo.

1

Sobre un papelógrafo, pídese ao alumnado que escriba ideas sobre aquilo que se debería traballar para previr a explotación sexual. Isto serve tamén de repaso aos aspectos abordados. Poden saír ideas referidas a: a información á cidadanía sobre esta problemática; a reivindicación dos dereitos das mulleres vítimas; a identificación desta problemática na nosa contorna; ao cuestionamento da actitude do puteiro; a desmontar mitos; a identificación da explotación sexual como violencia contra a muller; os dereitos sexuais; a publicidade; etc.

Poden subliñar ideas doutros/as compañeiros/as, remarcando aquelas que consideran máis relevantes.

2

En post-it deberán escribir formas de acción para promover o cambio social. Pódese motivar ao grupo con ideas e exemplos previos, e incluso ensinando proxectos que levaran a cabo outros grupos, por exemplo, graffitis, curtametraxes, cómics, representacións teatrais, blogs, mocións políticas. Trátase de visibilizar distintas posibilidades creativas de acción e incidencia política.

Tamén podemos identificar na súa cidade organizacións ou colectivos que traballen na temática e que poidan colaborar. Por exemplo, pódese contactar coa Rede Galega contra a Trata Sexual, formada por 10 entidades sociais de toda Galicia.

3

Posteriormente, agrúpanse propostas de temas e formas de acción (por exemplo, “mitos con exposición de viñetas”; “publicidade con acción de contrapublicidade”, etc.).

Vanse valorando por relevancia, interese, posibilidade de levalo a cabo e dispoñibilidade de recursos (materiais, tempo, etc.).

4

Unha vez decididas as accións que se levarán a cabo, o grupo se organiza e tratará de presentar unha proposta máis concreta, propondo a calendarización, xestións, recursos necesarios, persoas responsables...

Ademais do acompañamento no proceso e a dotación de ferramentas e recursos necesarios aos grupos, unha das principais labores da persoa facilitadora é a de colaborar coa difusión das propostas de acción, articulando posibles presentacións en institutos, prazas, redes sociais...

Ao finalizar a acción, o grupo deberá avaliala, analizando o seu contido e impacto.

Propostas:

Para as accións pódese pensar en seguir perfeccionando as metodoloxías abordadas previamente, levándoas ao espazo público (espazos comúns do centro educativo, rúa, etc.) e definindo co alumnado estratexias de sensibilización social que as acompañen. Por exemplo:

- Acción sonora: o programa de radio sobre as redes de trata.
- Accións gráficas: exposición didáctica coas viñetas de mito e contramito que elaborou o alumnado; accións de rúa de contrapublicidade.
- Teatro imaxe: representación da trata e explotación sexual a través do corpo.

Pode ser interesante crear co alumnado unha Campaña dirixida aos puteiros. Para elo podemos revisar previamente os materiais de diversas campañas recollidos na presentación (ver en outros recursos), ou accións en redes como #YoNoSoyPutero (Médicos del Mundo Aragón); #MeTachoDeMacho (Acción contra la Trata Navarra), #ExplotaciónSexualÉViolencia #PorQueSonAbolicionista (Aliad Ulteira); ou as [Campaña do Ministerio Sanidad, Consumo y Bienestar Social](#) contra a trata con fins de explotación sexual.

Recomendacións finais

Aínda que non se realice a dinámica dos mitos sobre a prostitución e a trata con fins de explotación sexual, é moi recomendable revisar a ficha explicativa para cada un dos mitos, xa que todos eles son unha constante nas intervencións dos rapaces e rapazas durante os obradoiros. Sempre xorden estes mitos e é importante ter o argumentario claro xa que o tema da suposta liberdade, o mito de que non escapan por que non queren, ou preguntas sobre se na pornografía tamén pasa, son algunhas constantes nas dúbidas e reflexións que fan, sobre todo os rapaces, ao traballar este tema.

Tamén é unha constante nos obradoiros co alumnado de ESO e BAC que haxa que traballar moito o tema do perfil dos puteiros, rompendo o mito de que case todos son persoas maiores con "necesidades" e centrarse tamén no feito de cuestionarnos por que os homes acoden a espazos onde as relacións de poder e submisión se vinculan coas relacións sexuais, e por que se dá nunha porcentaxe tan alta no caso de España, visibilizando que é unha realidade que nos toca de preto. O feito de que haxa tantos xa nos dá unha mostra da demanda e do número de mulleres que están a ser explotadas sexualmente.